

## SEGURIDADE SOCIAL: BALEIROS DE COTIZACIÓN



### INFORME DE VIDA LABORAL

Anualmente a Seguridade Social envíanos un Informe de Vida Laboral, que contén os días totais que levamos cotizados dende que empezamos a traballar por primeira vez. É importante que comprobemos que os datos que figuran neste, sexan correctos e coincidentes cos anos traballados.

Non obstante, **CCOO** estamos a detectar que algúns compañeiros e compañeiras teñen "baleiros de cotizacións" cando piden á Seguridade Social unha relación histórica de todas as súas cotizacións, especialmente dos anos en que os datos se incorporaban de forma manual, aínda que a súa Vida Laboral apareza correcta. Esta información é aínda máis importante, xa que dela dependerá o cálculo de prestación de xubilación que teñamos a futuro.

En principio, esta circunstancia **afecta ás persoas que teñan próxima a súa xubilación**, xa que segundo a última Reforma de Pensións, para as xubilacións solicitadas en 2015, se utilizarán como base de cálculo as bases reguladoras dos últimos 18 anos. Como **CCOO** informamos no seu momento, a citada Reforma de Pensións establece un período transitorio de entrada en vigor ata 2027, tanto para os anos de cotización necesarios para xubilarse con 65 anos, como o período que tomará como base para o cálculo da pensión, e que a partir de 2022 será dos últimos 25 anos. En calquera caso, as condicións concretas dependerán das carreiras de cotización de cada persoa e requiren dun estudo individualizado.

Polo tanto, cando esteamos próximos á nosa xubilación, o conveniente é verificar que non existan baleiros no noso histórico de cotizacións, para o que poderemos pedir o correspondente "**Informe de bases de cotización histórico**" á Seguridade social. Se no devandito informe aparecen baleiros de cotización, podes resolver estas incidencias de dúas formas:

Se dispós de firma dixital, podes facelo a través da propia Web da Seguridade Social: [www.seg-social.es](http://www.seg-social.es). Segundo os casos que puidemos ir constatando, a resolución enviaránchala ao correo electrónico que facilites nun prazo aproximado de 48 horas. A continuación, indicámosche a ruta que debes seguir:

[www.seg-social.es](http://www.seg-social.es)> Sede electrónica> Cidadáns> Con Certificado Dixital> Solicitud de rectificación de -Bases de Cotización> Observacións (Poñeremos: "Por erro non aparece a base de cotización, corresponde poñer a mesma que aparece no mes inmediatamente anterior e/ou posterior)>Añadir período de rectificación (poderás incluír os períodos necesarios).

Se non tes firma dixital, terías que comparecer na administración que che corresponda da Seguridade Social e facer a reclamación por escrito.

Se finalmente a túa incidencia non se tivese resolto, podes acudir aos delegados e delegadas de **CCOO**, onde te orientaremos e asesoraremos para a súa resolución ante o Banco.

*Achegamos cadro de aplicación da reforma de pensións*

**Abril 2015**

**Seguimos traballando, seguimos informando**